


XLIV Mostra de Teatro Galego de Cariño



Do 12 ao 19 de agosto de 2022





MÉRCORES 10, XOVES 11 E VENRES 12 DE AGOSTO

Obradoiro de creación escénica con Ibuprofeno Teatro

Auditorio Municipal – Entre as 10 e as 14 horas – Prezo: 20€
Dirixido a persoas a partir de 12 anos.

Inscripción dende o martes 26 de xullo ata o
xoves 4 de agosto no correo cultura@concellodecarino.gal

Coordinan e Imparten: Marián Bañobre e Santiago Cortegoso.

O que propoñemos neste obradoiro é mostrar e reproducir a pequena escala o método de creación que nós fomos desenvolvendo a partir das nosas experiencias. A dinámica básica consiste en emprender un proceso de investigación e descubrimento a partir dun tema relacionado coa historia de Cariño. Propoñemos o sector da industria da conserva ou a carpintería de ribeira.

Mediante o xogo e as improvisacións individuais e colectivas, deseñadas a partir da documentación acadada en torno ao significado que ten o tema na comunidade na que se inscribe, trataremos de xerar contido escénico, non tanto para acadar un resultado óptimo para a representación, senón co obxectivo de experimentar o goce e a vertixe de crear teatro con liberdade.

Esta forma de traballar parte da premisa de que os actores e actrices son os verdadeiros creadores e creadoras. Son os e as participantes quen xeran os textos e as accións, a partir do material emotivo e imaxinativo que cada un pode achegar por si mesmo e na interacción en grupo, en relación co tema tratado.

VENRES 12 DE AGOSTO

MOSTRA DE TEATRO GALEGO
CARIÑO

VENRES 12 DE AGOSTO



Acto oficial de presentación. Entrega do Premio do Público 2021 e do Premio do Público Infantil 2021

Fran Seira, compañía de danza:
“Coreografías dun demente”

Campín - 20.30 horas - Entrada gratuíta

Autoría e coreografía: Francisco Agustín Seira González

Dirección artística: Carla Diego Luque

Artistas en escena: André Adrio, Martín Mondragón, Adela Otero, Patricia Sánchez, Daniel Rodríguez, Francisco Seira e Artur Pastoriza.

Duración: 30 minutos.

Público adulto. Danza de Rúa.

Un extracto de 30 minutos de duración do espectáculo “DeMente” en diurno, sen iluminación e escenografía, onde plasmaremos a esencia das coreografías grupais máis representativas da obra.

Fantoches Baj: “O folión do zampón”

Casa do Concello - Itinerante - 12.00 horas

Autor e director: Inacio Vilariño

Acompañamento musical: ODAIKO

Actores músicos: Inacio Vilariño, Fran Lareu, Vanesa Maceiras.

Xénero: Animación de rúa.

Duración: 60 minutos

Para todos os públicos.

O Folión do Zampón é un espectáculo de animación de rúa dirixido a todos os públicos. Mediante unha serie de fantásticos e singulares personaxes **Fantoches Baj** dará vida a unha aventura sorprendente. Cabezudos, zancudos, velocíclopes, actores e música en directo da man de **ODAIKO**. Estes son os ingredientes para unha xornada única. O xigante Zampón rouba a palabra Leducia dos soños dos nenos. O investigador Brais Buscamáis e Chispín, músico da Banda que se dirixía a tocar á festa de Leducia, lazaráanse á procura do Xigante, máis antes de atopalo terán que superar algunhas probas.



SÁBADO 13 DE AGOSTO

MOSTRA DE TEATRO GALEGO
CARINO

SÁBADO 13 DE AGOSTO



Teatro dos Ghazafellos: “As minas do Rei Salomón”

Porta da Pulida - 11.30 horas - Entrada gratuíta

Texto e Dirección: Pepablo Patinho

Elenco: Montse Piñón, Jorge Casas, Pablo Sánchez e Pepablo Patinho.

Duración: 60 minutos.

Todos os públicos.

Unha aventura por África evocando as pelis dos anos 30 e 40...

Quatermain, un cazador experimentado, é contratado por un magnate estadounidense para atopar as lexendarias minas do rei Salomón. Viaxes en avións de hélices, loitas con feras, enfrontamentos con canivais... incluso un encontro co mismísimo Tazán...

Unha divertida aventura por África cunha mensaxe ecoloxista.

Concerto. La Quinkillada: “Gozar, sentir, bailar”

Campín - 13.15 horas - Entrada gratuíta

Elenco: Rodri Martínez, Yago Oliveira, Suso PF, Byktor G., Daniel Acuña, Valverde e Rocío.

Duración: 70 minutos.

Todos os públicos.

Xénero: Verbena

No 2021 **La Quinkillada** comeza un intenso traballo de composición de temas propios con estilos dende a Rumba á Cumbia pasando por sons modernos. Gran a gran construíuse o primeiro traballo **Gozar, Sentir, Bailar**, dez cortes maioritariamente en galego con gran diversidade nas letras, dende a básica desconexión de festa a peñerse serios falando dos golpes desta vida. En 2022 verá a luz esta aposta coa única fin de facer o teu día un pouco mellor.



SÁBADO 13 DE AGOSTO

NOSSA DE TEATRO GALEGO
CARINO

DOMINGO 14 DE AGOSTO



Troula Animación: “Circo Krasnovarak”

Casa do Concello - Itinerante - 11.30 horas

Xénero: Espectáculo de rúa

Duración: 70 minutos

Para todos os públicos.

Nika chega puntual, coma sempre, ó punto de quedada, o sitio onde tiña que estar montada a carpa do... “Gran Circo Krasnovarak!”, pero... que acontece?, non hai carpa!, pero é que tampouco está Pepo o paiaso, nin os irmáns trapeceistas... NON HAI NINGUÉN!, Ó rato aparece Igor, o director e domador do circo, e resulta... que temos un problema maior!, os animais do circo... andan perdidos pola cidade!! Haberá que saír a buscalos!

Planeta Trampolí: “Back 2 Classics”

Campín - 20.30 horas - Entrada gratuíta

Dirección artística: Planeta Trampolí.

Artistas en escena: Ángel de Miguel García.

Técnica Teatral: circo (cama elástica).

Duración: 40 minutos.

Público familiar.

Planeta Trampolí propón un espectáculo de cama elástica fresco, próximo e íntimo para toda a familia onde o circo máis clásico fúndese con culturas urbanas a través do baile, a música e a arte do Turntablism (scratch con vinilos). Unha proposta onde a cama elástica toma vida propia entre as tolemias e acrobacias do seu protagonista. Unha viaxe ao pasado que máis nos namora, cheo de humor, poesía, ritmo e carambolas que cambiarán o concepto que temos da cama elástica.



DOMINGO 14 DE AGOSTO



DOMINGO 14 DE AGOSTO



A Banda do verán en concerto

Premio Martín Códax na categoría de Música Infantil

Campín - 13.15 horas - Entrada gratuíta

Artistas en escena: Xoán Curiel, Jara Ortiz, Carlos Freire, Alex Salgueiro, Antón Fernández e Sofía Espiñeira.

Xénero: Espectáculo musical.

Duración: 70 minutos

Público infantil e familiar.

Un espectáculo totalmente **participativo** onde se mesturan **música e danza con elementos teatrais e de clown.**

Un superconcerto cheo de ritmos e coreografías que mergullan a rapazas e rapaces nunha **divertida festa.**

Estilos como **funk, rock, pop, reggae ou bossa nova** atópanse neste espectáculo cunha banda de gran nivel.

Cirque Entre Nous: “Entre Nous”

Praza Roxa - 20.30 horas - Entrada gratuíta

Intérpretes e creadores: Héloïse Bourgeois, Matias Paul, Jeremias Faganel, Constance Bugnon e David Ayotte.

Duración: 40 minutos.

Xénero: Circo.

Para todos os públicos.

Nun espazo ao descuberto, tres mastros, algunhas cadeiras desordenadas, uns instrumentos e unha música de fondo que convida ao encontro. Cinco artistas van chegando, as súas personalidades invaden o lugar, míranse aos ollos, sorrín, prepáranse, as liñas do mapa das súas vidas tráenos hoxe a este lugar, interactúan co público, falan, rín, cóntanse historias, cantan algunha canción. O ambiente é simple, relaxado, cómplice. Os cinco amigos achéganse, a música invade o espazo, o movemento, a complicidade e os tres mastros na escena dan vida a este encontro tridimensional, onde o horizontal e o vertical confúndense e forman un espazo único.

Entre Nous é un espectáculo de encontros, de compañía, de sosterse, de nostalgia, de humor, de música en vivo e de acrobacias vertixinosas. Un chamado a gritar e rirse ante a necesidade de mirarse e compartir este momento xuntos desde o primeiro ata o último minuto.



LUNS 15 DE AGOSTO

MOSTRA DE TEATRO GALEGO
CARINO

LUNS 15 DE AGOSTO



Caramuxo Teatro: "A nena que vivía nunha caixa de mistos"

Auditorio Municipal – 12.00 horas – Entrada: 1€

Dramaturxia: Laura Sarasola e Juan Rodríguez

Dirección: Juan Rodríguez

Artistas en escena: Laura Sarasola

Duración: 45 minutos

Para público familiar e infantil a partir de 4 anos.

"A nena que vivía nunha caixa de mistos" é a terceira parte da triloxía sobre os contos populares, que comezou con "As fabas máxicas", continuou con "Feo" (Premio María Casares a mellor espectáculo infantil) e rematará con este espectáculo.

A nova proposta de Caramuxo teatro está inspirada no conto "A vendedora de mistos" de Hans Christian Andersen. Un espectáculo cunha coidada posta en escena e cunha linguaxe contemporánea, utilizando como temática a pobreza infantil. Unha nena camiña pola rúa dun lugar a outro coa súa caixiña de mistos, a casa onde pasa a noite. Pola mañá sae pola vila para vender mistos a quen os necesite, no día a día coñece unha morea de personaxes e dous pequenos amigos, un vello can e un paxariño.

A Panadaría: "As que limpan"


Auditorio Municipal – 22.15 horas – Entrada: 5€

Creado e interpretado: Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman.

Duración: 75 minutos.

Para público adulto.

Un cartel pendurado no manubrio do cuarto: "por favor, arranxe o cuarto". Ao regreso da praia, as camas feitas, as toallas limpas e o baño impoluto. Son as que limpan, as invisibles que carretan ao lombo un sistema turístico precarizador. As que limpan, fala da loita organizada das camareiras de piso dos hoteles por acadar uns dereitos laborais e sociais xustos. Fronte a elas, a avaricia voraz dos propietarios das cadeas hoteleiras. Hai que nunca limpou un váter e hai quen limpa cincocentos ao mes.



MARTES 16 DE AGOSTO

MOSTRA DE TEATRO GALEGO
CARINO

MARTES 16 DE AGOSTO



Culturactiva Producións: “Rosalía”

Auditorio Municipal – 12.00 horas – Entrada: 1€

Dirección: Fina Calleja

Artistas en escena: Rocío González e Cristina Collazo.

Duración: 50 minutos

Para público familiar e infantil.

ROSALÍA é moito máis que un achegamento teatral á vida e obra de Rosalía de Castro, é un espectáculo necesario. Nesta montaxe, os nenos e nenas descubrirán en Rosalía a unha rapaza alegre, forte e curiosa como eles/as, que vive, xoga e goza no país da infancia. Esta Rosalía é unha obra de muller pensada para nenas e nenos de Primaria -e para as súas familias e docentes- por unha equipa de mulleres intensamente vencelladas ao teatro de palabras.

María Rosalía Rita tamén foi nena. As biografías non o contan, pero unha das grandes voces literarias da historia tamén foi nena e foi nena que cantaba e xogaba, que lía e comía chocolate. Esta Rosalía que aínda non precisaba apelidarse de Castro e que está a piques de marchar a Santiago é a protagonista desta obra de teatro que quere contarlles ás nenas e aos nenos que a infancia é o lugar onde medran as poetas: entre a rebeldía, as lecturas, a curiosidade, o xogo e as cancións con rimas e sen autor.

Butaca Zero: “Despois das ondas”

XVIII Premio “Rafael Dieste” de Textos Teatrais 2017 da Deputación da Coruña
Comemoración do centenario do nacemento de María Casares

Auditorio Municipal – 22.15 horas – Entrada: 5€

Autor: Ernesto Is

Dirección: Xavier Castiñeira

Artistas en escena: Belén Constela, Nerea Brey, Sonsoles Cordón, Roi Fernández, Beatriz de Vega e Ernesto Is.

Duración: 80 minutos.

Público adulto.

Despois da guerra, do exilio, da morte, do éxito, da soidade, do amor; despois de corenta anos, María Casares regresa á patria da súa infancia nunha xira teatral.

A nena medrou para converterse na gran actriz da escena e do cinema francés, no símbolo da España refuxiada, no recordo dunha Galicia perdida na brétema do pasado. Será precisamente nesa néboa onde a gran Casares deberá perderse para atopar o significado dunha vida chea de éxitos e perdas, onde as pantasma que resoan na súa memoria axudarana a responder á verdadeira razón desta viaxe: quen é María?

Nesta peza mesturando cine en directo, teatro e música poderemos percorrer os lugares e momentos da vida de María Casares na súa viaxe de retorno tras corenta anos de exilio.



MÉRCORES 17 DE AGOSTO

MOSTRA DE TEATRO GALEGO
CARINO

MÉRCORES 17 DE AGOSTO



Tanxarina: “A cazola de Lola”

Auditorio Municipal – 12.00 horas – Entrada: 1€

Autoría: Isabelle Carrier

Dirección: Cándido Pazó

Artistas en escena: Eduardo Rodríguez “Tatán”, Miguel Borines e Andrés Giráldez.

Duración: 50 minutos

Para público familiar e infantil a partir de 5 anos.

Lola sempre arrastra un cazo atrás dela. O cazo caeulle un día enriba...Non se sabe moi ben por qué. Por causa deste cazo, Lola xa non é de todo coma os demais. Precisa de moito agarimo, é moi sensible e ten un gran sentido artístico. A miúdo as persoas só ven nela ese cazo que arrastra por todas partes. E atópano raro...Ademáis, o seu cazo complicalle a vida.

Afortunadamente existen persoas maravillosas, só fai falta dar cunha delas..

Ibuprofeno Teatro: “Smoke on the water”

Premio de Teatro Mome Varela Buxán 2013

Auditorio Municipal – 22.15 horas – Entrada: 5€

Autor e Director: Santiago Cortegoso

Artistas en escena: Josito Porto, Belén Constenla, Adrián Ríos, María Costas e Mon Orencio.

Duración: 85 minutos.

Traxicomedia sórdida con música en directo. Unha historia de sexo, drogas, rock and roll, enfermidade, violencia, prostitución, vandalismo, morte e, por suposto, de amor. Ritchie (Blackmore) vive ancorado no rock and roll dos 70, ten unha tenda de discos e vinilos de colección. Janis (Joplin) xa hai anos que non canta, estuda filosofía na universidade. A súa unión sobrevive despois de case 25 anos de crise matrimonial permanente, formando un círculo vicioso enfermizo, un sistema de relacións de dependencia imposible de desenlear. Este “status quo” absurdo, en continua combustión, vese ameazado pola aparición de Álex, un gigoló de ideoloxía vandálica e transgresora que se namora perdidamente de Janis, ao tempo que establece unha fonda amizade con Ritchie.


A intervención de Joan Baez, empregada de banca que xestiona a hipoteca de Ritchie, cliente de Álex, propicia un final patéticamente feliz ao enredo amoroso-financieiro entre este grupo de seres humanos fracasados, torpes, perdedores, frustrados, desgastados e maltratados pola vida, que provocan tenrura e compaixón.



XOVES 18 DE AGOSTO



XOVES 18 DE AGOSTO



Paulo Maestro & Constance Hurlé: “Volátil”

Exteriores do Auditorio Municipal – 20.30 horas

Dirección e Interpretación: Paulo Maestro e Constance Hurlé.

Duración: 45 minutos

Para todos os públicos.

Volátil é un espectáculo no que se mesturan performance, música e poesía. Neste evento disfrutaredes da conexión entre dous artistas e amigos que viven por e para o arte. Constance Hurlé e Paulo Maestro transportaravos e levarán as vosas consciencias a disfrutar dun intre que, aínda que efímero, perdurará nas vosas memorias.



Elefante Elegante: “Cubo”

Auditorio Municipal – 12.00 horas – Entrada: 1€

Dirección Artística e Interpretación: María Torres e Gonçalo Guerreiro.

Duración: 45 minutos

Para público familiar e infantil a partir de 4 anos.

CUBO é un espectáculo de teatro de movemento para público infantil e familiar. En escena, un cubo de 2 metros de lado onde habitan dúas personaxes. Xogan, cantan, rín, pelexan e berran. Un día decátanse de que queren ir máis lonxe e descubrir o mundo enteiro. C U B O fala do confinamento, da amizade, das separacións e da aventura de medrar.

XOVES 18 DE AGOSTO

MOSTRA DE TEATRO GALEGO
CARINO

VENRES 19 DE AGOSTO



Teatro del Andamio: “A nova historia da cigarra e a formiga”

Auditorio Municipal - 12.00 horas - Entrada: 1€

Autores: Álvaro Guevara e Tatiana Likhacheva.

Dirección: Tatiana Likhacheva.

Artistas en escena: Gema Ulloa e Fran Giraldo.

Duración: 55 minutos

Para público familiar e infantil a partir de 4 anos.

Quen non coñece a historia da Cigarra e a Formiga? A fábula de sempre: aquela, da cigarra preguiceira e da formiga obreira. Pero aquí ímosche contar **"A nova historia da Cigarra e a Formiga"** que comezou despois dunha noite de tormenta que fixo que todo cambiara ... Cambiou a vida da formiga que vive na saída de emerxencia do seu formigueiro e de paso, coida as flores, pero tamén canta as cancións que inventa no seu tempo libre ... Cambiou a vida de Cigarra, que chega ao fermoso outeiro despois de vagar durante moito tempo buscando un lugar mellor para vivir... en paz ... Unha convivencia que non vai ser doada dende o primeiro momento. Esta historia fala do medo. Do medo a todo iso que non coñecemos, pero que tanto mellora as nosas vidas se somos quen de descubrilas."

Talía Teatro: “Morte accidental dun anarquista”

Auditorio Municipal - 22.15 horas - Entrada: 5€

Autoría: Darío Fo

Dirección: Cándido Pazó

Artistas en escena: Toño Casais, Diego Rey, Marta Ríos, Marta Lado, Dani Trillo, María Ordóñez, Artur Trillo, Xurxo Barcala e Rubén Prieto.

Xénero: Comedia.

Público adulto.

Duración: 85 minutos.

Milán, 1969. Un anarquista falece tras caer pola ventá dunha comisaría na que está sendo interrogado pola policía. En plena investigación xudicial dos feitos, a aparición en dita comisaría dun “tolo” que se fai pasar por diferentes personaxes, logrará darlle a volta ás indagacións e descubrir a verdade. ...

Cunha sátira implacable chea de humor, Darío Fo pon en evidencia a natureza da policía, os seus métodos manipuladores e a súa función represora, así como o importante papel dos medios de comunicación na súa busca da noticia e do “escándalo”.



VENRES 19 DE AGOSTO



Contraproduccións: “Cigarreiras”

Espectáculo baseado en “La Tribuna” de Emilia Pardo Bazán.

Auditorio Municipal – 22.15 horas – Entrada: 5€

Adaptación e Dirección: Cándido Pazó

Artistas en escena: Tamara Canosa, Susana Dans, Merce Castro, Isabel Naveira, Covadonga Berdiñas, Ana Santos e Leticia Sola.

Xénero: Comedia.

Duración: 100 minutos.

Público adulto.

Un texto que aborda ante unhas figuras (a de Pardo Bazán e a das cigarreiras), unhas situacións e unhas referencias históricas de marcado interese cultural. Figuras, situación e referencias que dan pé a tratar temas totalmente vivos hoxe en día: memoria colectiva, perspectiva de xénero, dialéctica de modelos sociais e políticos...Temas que, ao fío dos vivos e brillantes argumentos aportados pola escritora e a súa novela, poden suscitar un grandísimo interese na sociedade actual, representada no teatro polo público.

No centenario do pasamento da novelista Emilia Pardo Bazán, Contraproduccións presenta unha relectura dunha das obras máis interesantes da autora: A Tribuna. A muller, o amor e os prexuízos de clase son os temas ao redor dos que xira esta relectura, facendo fincapé no ambiente e primeiras loitas femininas das traballadoras da fábrica de Tabacos da Coruña. E todo isto cun trasfondo político onde se asiste ao ocaso dos Borbóns e á atribulada proclamación da I República.



Prezos e Horarios

Mostra Infantil: 1€

Mostra Noite: 5€

Bono: 20€ (permite a entrada a todas as funcións de noite).
Pódese adquirir dende o día 2 de agosto e ata o mércores 10,
na Oficina de Turismo da Casa do Concello (Avda. da Paz, 2).

As funcións infantís terán lugar ás 12 horas.
Procederase á venda de entradas dende as 11 horas.

As funcións de noite terán lugar ás 22.15 horas.
Procederase á venda de entradas dende as 20.30 horas.

As funcións de rúa son gratuítas.

www.mostrateatrocarino.gal

XLIV Mostra de Teatro Galego de Cariño



www.mostrateatrocarino.gal

MÉRCORES 10, XOVES 11 e VENRES 12 DE AGOSTO

Obradoiro de Creación Escénica con Ibuprofeno Teatro

Auditorio Municipal – Entre as 10 e as 14 horas – Prezo: 20€

Dirixido a persoas a partir de 12 anos.

Inscripción dende o martes 26 de xullo ata o xoves 4 de agosto
no correo cultura@concellodecarino.gal

VENRES 12 DE AGOSTO

Fantoches Baj: “O Folión Do Zampón”

Casa do Concello – Itinerante – 12.00 horas

Acto Oficial de Presentación. Entrega do Premio do Público 2021 e do Premio do Público Infantil 2021

Fran Sieira, Compañía de Danza: “Coreografías Dun Demente”

Campín – 20.30 horas – Entrada gratuíta

SÁBADO 13 DE AGOSTO

Teatro Ghazafellos: “As Minas Do Rei Salomón”

Porta da Pulida – 11.30 horas – Entrada gratuíta

Concerto. La Quinillada: “Gozar, Sentir, Bailar”

Campín – 13.15 horas – Entrada gratuíta

Planeta Trampoli: “Back 2 Classics”

Campín – 20.30 horas – Entrada gratuíta

DOMINGO 14 DE AGOSTO

Troula Animación: “Circo Krasnovarak”

Casa do Concello – Itinerante – 11.30 horas

A Banda do Verán en Concerto

Campín – 13.15 horas – Entrada gratuíta

Cirque Entre Nous: “Entre Nous”

Praza Roxa – 20.30 horas – Entrada gratuíta

LUNS 15 DE AGOSTO

Caramuxo Teatro: “A Nena Que Vivía Nunha Caixa De Mistos”

Auditorio Municipal – 12.00 horas – Entrada: 1€

A Panadaría: “As Que Limpan”

Auditorio Municipal – 22.15 horas – Entrada: 5€

MARTES 16 DE AGOSTO

Culturactiva Producións: “Rosalía”

Auditorio Municipal – 12.00 horas – Entrada: 1€

Butaca Zero: “Despois das Ondas”

Auditorio Municipal – 22.15 horas – Entrada: 5€

MÉRCORES 17 DE AGOSTO

Tanxarina: “A Cazola de Lola”

Auditorio Municipal – 12.00 horas – Entrada: 1€

Ibuprofeno Teatro: “Smoke On The Water”

Auditorio Municipal – 22.15 horas – Entrada: 5€

XOVES 18 DE AGOSTO

Elefante Elegante: “Cubo”

Auditorio Municipal – 12.00 horas – Entrada: 1€

Paulo Maestro & Constance Hurlé: “Volátil”

Exteriores do Auditorio Municipal – 20.30 horas

Talía Teatro: “Morte Accidental Dun Anarquista”

Auditorio Municipal – 22.15 horas – Entrada: 5€

VENRES 19 DE AGOSTO

Teatro del Andamio: “A nova historia da Cigarra e a Formiga”

Auditorio Municipal – 12.00 horas – Entrada: 1€

Contraproducións: “Cigarreras”

Auditorio Municipal – 22.15 horas – Entrada: 5€